



Rexeneración natural e incorporación de material mellorado

Rexeneración natural e incorporación de material mellorado

- *Pinus pinaster* posúe unha boa rexeneración natural.
- Entre os 2-4 anos trala corta da masa adulta a semente espaxada polo terreo xa conformou un rexenerado máis ou menos denso.
- En masas novas nas que se realizan cortas prematuras, o éxito dos rexenerados é escaso e, de saír adiante, este consolídase aos 4-5 anos trala corta, normalmente con densidades baixas.
- En repoboacións de piñeiro do país en áreas tras corta, pode aparecer un forte rexenerado que se mesture coa nova planta.
- Gran parte de propietarios e xestores forestais están acostumados a aproveitar o rexenerado natural e, de poder elixir, prefíreo fronte a facer unha repoboación nova.
- En todo caso, si que hai expectativa entre os propietarios forestais para poder dispoñer de planta resistente ó nematodo coa que facer as novas repoboacións.

Rexeneración natural e incorporación de material mellorado

- O aproveitamento do rexenerado natural supón:
 - Economizar a inversión necesaria para obter unha masa adulta.
 - Seguridade da viabilidade da planta para ese lugar.
 - Ter poboacións máis grandes á hora de seleccionar os pés de porvir.
 - Dispoñibilidade de maior variabilidade xenética no territorio, que pode albergar espécimes resistentes a certas pragas ou doenzas.
- Pero tamén implica:
 - Perpetuar malas xenéticas, de ser o caso.
 - Non poder facer uso da planta mellorada, resistente a certas doenzas e con calidade contrastada existente no mercado.

Rexeneración natural e incorporación de material mellorado

- Como incorporar material mellorado?
 - Actuar sobre rexenerados para a substitución por nova planta. Implicaría realizar unha roza en canto aparecesen as primeiras plántulas e posterior plantación da planta mellorada. Interesante en:
 - Rasos a reforestar;
 - Zonas con escaso rexenerado natural (p.e.: tras incendio de masas novas de piñeiros);
 - Áreas con problemas sanitarios nos que urxe instalar planta resistente;
 - Realizar plantacións complementarias con pés pais intercalados en rexenerados naturais. Implicaría unha mellora xenética en varias xeracións de piñeiros. Necesario marcar os pés pais para respectalos na corta final.
 - Intercalar progresivamente bosquetes mediante repoboación de planta mellorada.

Rexeneración natural e incorporación de material mellorado

- Como economizar o proceso?
 - Promover a aplicación de modelos silvícolas de baixa densidade, baseados na instalación de planta de calidade contrastada, cunha menor necesidade de selección de pés de porvir. Modelos con 800 – 900 ppha.

